



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA O CONCURSO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO BÁSICO E SERVIZO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN DAS LAGOAS - NARÓN.

1 - OBXECTO DO CONTRATO

O fin deste prego é a contratación dos traballos de mantemento básico das instalacións e maquinaria, así como a limpeza do mesmo e o servizo de conserxería do pavillón deportivo denominado Das Lagoas, sito no Lg. Das Lagoas s/n - Narón.

2 - PERSOAL DESTACADO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Para a execución do contrato o Adxudicatario aportará o persoal necesario do seu cadro de persoal.

3 - LIMPEZA.

Dentro deste apartado, o Adxudicatario efectuará todas as labores de limpeza que permitan un axeitado e agradable uso das instalacións, atendendo fundamentalmente a:

- Limpeza de aseos e vestiarios.
- Limpeza de gradas e pista de xogo.
- Limpeza das distintas oficinas e dependencias.
- Limpeza da xardinaría e accesos exteriores.
- Limpeza de cristais en xeral.

4 – MANTEMENTO.

Neste apartado incluírase o mantemento básico do pavillón, entendendo por tal os pequenos traballos a realizar na dita instalación como cambios de bombillas cando se funden, manillas cando se rompen ou estropean, etc. Así como a manipulación e mantemento (correctivo e preventivo) de todas as instalacións do mesmo.

- Electricidade (forza e alumeado).
- Rede de auga potable.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

- Auga quente sanitaria.
- Fontanería, saneamento e augas residuais no interior do edificio.
- Aire acondicionado.
- Carpintería e cerrallaría
- Cristalería.
- Pintura e albanelaría.
- Megafonía.
- Bombas de recirculación.
- Limpeza de canalóns do tellado.
- Xardinería interior e exterior.
- Servizo de vixilancia electrónica (atención servizo de alarma).

A reposición de materiais xerais será por conta do CONCELLO DE NARON, agás dos produtos de limpeza e material hixiénico dos servizos que serán a cargo do adxudicatario.

O Adxudicatario prestará o apoio do seu persoal en todo o concernente ás compras de materiais en xeral.

5 - CONSERXERÍA.

Neste apartado o Adxudicatario efectuará todas as labores de control de accesos dos usuarios á instalación, así como prestará todo o apoio ao departamento administrativo do Servizo de Deportes, atendendo fundamentalmente a:

- Control de que os usuarios das diferentes actividades estean provistos do correspondente carné, permitindo o acceso ás actividades a aqueles que estean ao corrente no pago da taxa correspondente.
- Manexo da megafonía interna do Pavillón, facilitando os oportunos avisos, tanto de usuarios, como do persoal ao servizo das instalacións.
- Cobro, e posterior liquidación, das entradas nas actividades que se rixan por esta fórmula de pago.
- Control informático ou electrónico dos accesos ás instalacións.
- Todos aqueles traballos que lle sexan encomendados directamente polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

O persoal que o adxudicatario destine a este servizo deberá posuír a formación axeitada para o trato cos usuarios da instalación, así como haber superado os requisitos teóricos e prácticos correspondentes á Formación de Soporte Vital Básico e Desfibrilación Semiautomática.

Para a execución dos servizos descritos nos apartados anteriores, o adxudicatario, obrígase a aportar o persoal necesario e debidamente cualificado, pertencente ao seu propio cadro de persoal, así coma os medios técnicos da súa propia organización, tales coma ferramenta de man, roupa de traballo, equipos de seguridade, etc.

No caso de enfermidade ou calquera outro tipo de ausencia, do persoal destacado polo adxudicatario para a execución dos servizos, este obrígase a suplilo a contar dende o primeiro día de ausencia.

O persoal que o Adxudicatario destaque para a execución dos servizos indicados, dependerá xerarquicamente da súa propia organización para o cal a devandita empresa deberá situar a persoa necesaria, se ben deberá seguir as indicacións que, para a debida coordinación dos traballos se lle fagan por parte do Administrador Xerente do Servizo de Deportes do Concello de Narón.

O contratista deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo. O persoal adscrito aos servizos obxecto do contrato non terá vinculación laboral ningunha co CONCELLO DE NARÓN.

A instalación pechará ao público do 1 de xullo ata o 31 de agosto. No mes de setembro a instalación podería aperturarse a partir do día 1, sempre e cando as actividades deportivas así o requiran.

6 – DEBERES DO CONTRATISTA:

- a) Colaborar co Servizo de Deportes, para o correcto desenvolvemento dos programas de actividades que se puidesen realizar nas instalacións.
- b) Non exhibir ningunha clase de anuncios ou propaganda.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

c) Prestarlles o servizo aos usuarios con estrita igualdade de trato e adoptar cantas disposicións e medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos a persoas e bens, así como velar eficazmente para que os usuarios respeten as normas contidas nos regulamentos e ordenanzas vixentes.

d) Proporcionar uniformes ao seu persoal, despois da aprobación do seu deseño e características polo Concello de Narón.

No vestiario soamente se permitirá publicidade do adxudicatario, ou do Padroado de Deportes do Concello de Narón, ou ben compartida, se o adxudicatario e o Concello de Narón chegaran a un acordo pertinente.

e) Mensualmente o adxudicatario terá que emitir informe-estudo das tarefas realizadas, número de horas de cada unha, e desglosadas por actividade (Limpeza, mantemento, e conserxería). Anualmente emitirá o resumo da tempada deportiva coa comparativa dos dous anos anteriores

6.1 Control do Servizo.

O Concello de Narón terá plenas facultades para fiscalizar e controlar a prestación do servizo, podendo o Alcalde ou Concelleiro Delegado ditar as disposicións que estime pertinentes con tal finalidade, por si ou a instancia do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes do Concello.

Así mesmo, o Administrador Xerente poderá dirixirse verbalmente ao adxudicatario, a través da persoa nomeada para o efecto, tanto axeitar o cumprimento do contrato, como para a realización de traballos, que a xuízo da Xerencia sexan necesarios executar nun momento determinado.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

PRESCRICIÓN S TÉCNICAS

7 - FUNCIÓN S DO ADXUDICATARIO

O CONCELLO DE NARÓN, exercerá a supervisión e coordinación da empresa Adxudicataria co gallo de asegurarse que o obxecto do contrato estase a executar conforme as esixencias do prego e compromisos contractuais establecidos exercéndose estas funcións preferentemente por parte do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes do Concello de Narón.

As funcións a desenvolver pola empresa adxudicataria serán:

- Posta en marcha dos programas de mantemento e limpeza.
- Propoñer proposicións e/ou melloras nos programas para adaptalos ás necesidades.
- Desenvolvemento dos programas propostos e aprobados.
- Tomar accións correctivas en xeral ou de primeira intervención en toda a instalación, máquina e equipo que así o requira.
- Tramitar ao Administrador-Xerente toda a información puntual que se vaia producindo en relación cos equipos e/ou instalacións.

Realizaranse sobre o edificio, instalacións e/ou equipos as seguintes actividades:

- Operacións de mantemento preventivo, predictivo, e correctivo, que garanten a axeitada utilización, a boa conservación e a durabilidade dos mesmos.
- Regulación, vixiancia e control de todos os parámetros funcionais que definan o bo estado de funcionamento das instalacións e/ou equipos tales como, presión, caudais, velocidade de paso, revolucións, intensidade, voltaxe, etc.
- Control de funcionamento de equipos sobre cada instalación ou equipo de certa entidade efectuarase unha revisión periódica, incluída no plan de mantemento preventivo.
- Seguemento e comunicación ao Administrador-Xerente de calquera defecto das instalacións e/ou equipos que diminúan o



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

- seu rendemento, poñan en perigo a seguridade do usuario ou da propia instalación.
- O adxudicatario deberá realizar, cando así o designe o CONCELLO DE NARÓN, as comprobacións das reparacións ou instalacións que se produzan por intervención de compañías fabricantes ou provedores, informando ao respecto ao Administrador-Xerente do Servizo de Deportes de Narón.
 - As operacións ou reparacións cunha execución que produza un notable transtorno para o correcto funcionamento das instalacións, executaranse durante as horas de “non ocupación” do mesmo, entendéndose que debe tratarse unicamente de actuacións excepcionais.
 - Diariamente recolleráanse as incidencias sobre consumos, reparacións, e calquera outra anomalía que se orixine. As ditas incidencias serán pasadas ao parte diario de mantemento da empresa, e unha copia presentarse nas oficinas administrativas do Servizo de Deportes antes das 11 horas do día seguinte á toma de incidencias.
 - Diariamente o adxudicatario elaborará un parte dos traballos realizados onde figurará como mínimo o nome do traballador, turno, traballos realizados e horas empregadas en ditos traballos.
 - Os modelos de partes de mantemento e de traballo, deberán contar coa conformidade do Concello de Narón.
 - Mensualmente o adxudicatario dará conta ao CONCELLO DE NARÓN mediante un informe, do cumprimento dos programas do mantemento e dos resultados obtidos, así como de calquera incidencia que sexa importante destacar.
 - Todos os pavimentos, oficinas, e gradas deberán ser fregados diariamente e limpados.
 - Nas paredes, teitos, mamparas e cristais destas efectuarase a limpeza cada quince días.
 - Os vestiarios limparanse entre actividades e cando as súas condicións o requira. Os aseos limparanse cunha frecuencia de tres horas.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

- Os cristais das fiestras exteriores limparanse e abrillantaranse unha vez cada mes, agás os meses de choivas que se limparán cando o aspecto dos mesmos o requiran.
- Nos almacéns, transformador- xenerador, efectuarase a limpeza cada mes.
- Os desperfectos por pinturas dentro da instalación limparanse ou repararanse no momento que sexa detectada.
- O coidado e mantemento dos xardíns exteriores e prantas interiores farase unha vez por semana, así como os accesos exteriores.
- Na execución do servizo o Adxudicatario empregará a maquinaria e materiais axeitados, segundo as características dos distintos locais, superficies, mobiliario e demais elementos.
- A composición dos produtos, líquidos e deterxentes que se utilicen será dos habitualmente utilizados nos servizos desta natureza, prohibíndose o emprego daqueles que pola súa concentración e composición danen, produzan corrosión ou prexudiquen as superficies as que se apliquen especialmente en metais e mobiliario.
- O po, lixos, papeis, desperdicios e residuos de toda clase que se produzan depositaranse en bolsas e no lugar que se sinale para a súa posterior recollida polo servizo de limpeza.
- O Adxudicatario manterá e conservará as instalacións, locais e superficies en perfecto estado de limpeza e adecentamento, control hixiénico-sanitario de auga, correspondendo o CONCELLO DE NARÓN a realización de obras de reforma.
- O Adxudicatario desinará de entre o persoal asinado á instalación a persoa para o control diurno e nocturno da vixilancia electrónica do Pavillón das Lagoas-Narón. Facilitará o CONCELLO DE NARÓN o nome e apelidos da persoa designada, número de teléfono e enderezo.
- As saídas do centro de traballo “Pavillón Campo das Lagoas-Narón” do persoal que o Adxudicatario desine, deberán ser comunicadas nas oficinas administrativas do Padroado de Deportes. As ausencias non xustificadas do dito persoal, orixinarán o oportuno informe por parte do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, ao obxecto de que o Concello de Narón poida valorar as posibles infraccións en que puidera incorrer o



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

Adxudicatario. As horas de ausencia do persoal, non xustificadas serán valoradas no dito informe e descontadas ao Adxudicatario segundo o prezo de adxudicación incrementado cos impostos que procedan.

- Para o correcto desenvolvemento dos servizos, e unha vez que sexa asinado o contrato co adxudicatario e este, asine os postos de traballo ao seu persoal, non poderá permutar outro persoal que o Adxudicatario puidera ter noutros centros de traballo. De todos os xeitos se existira causa de enfermidade ou outro tipo de ausencia o Adxudicatario deberá substituír inmediatamente a dita persoa, comunicando ó Servizo de Deportes o cambio realizado.
- O Adxudicatario deberá levar un inventario de todo o material, tanto deportivo como de mobiliario e enseres, propiedade do Concello de Narón. O dito inventario levará aparelado o control de entradas e saídas dos ditos materiais do Pavillón das Lagoas-Narón.

Mensualmente o Adxudicatario informará ao Administrador-Xerente do Servizo de Deportes do estado do inventario.

8 - O Adxudicatario está obrigado a:

- 8.1.-** Executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas.
- 8.2.-** Manter en perfecto estado de organización e limpeza, os locais, dependencias, mobiliario e materiais tanto deportivos como de reposto.
- 8.3.-** Cumprir as disposicións laborais, de Seguridade Social e coa Facenda Pública que sexa inherente a súa condición de empresario do persoal as súas ordes que presten servizo.
- 8.4.-** Responder dos danos e perdas que ocasione con motivo da execución do servizo e dos gastos orixinados á Administración Municipal por demora no incumprimento das súas obrigas.
- 8.5.-** Cumprir, ademais das expresadas, cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por precepto legal ou regulamentario.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

8.6.- O vestiario preciso para realizar os traballos será de conta do adxudicatario, que coidará que este sexa o máis axeitado posible para o desenvolvemento das actividades. No dito vestiario soamente se permitirá publicidade do adxudicatario, ou do Servizo de Deportes de Narón, ou ben compartida, se o CONCELLO DE NARÓN, e o Adxudicatario chegaran a un acordo pertinente.

8.7.- Permitir a entrada libre ao recinto e instalacións a todas as persoas que estean provistas do correspondente billete e cumpran os demais requisitos esixibles.

8.8.- Permitir o servizo aos usuarios con estrita igualdade de trato e adoitar cantas disposicións en medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos a persoas e bens.

8.9.- Asumir toda responsabilidade respecto aos danos e perdas que se poidan ocasionar aos usuarios do servizo ou a terceiras persoas, causadas por acción do persoal afecto ao servizo ou os que se deriven das deficiencias nos elementos propios que puidera posuír o Adxudicatario.

8.10.- Velar eficazmente para que os usuarios das instalacións se comporten debidamente e respeten as normas de convivencia e hixiénicas axeitadas, en especial, a que cumpran os regulamentos, ordenanzas que se promulguen, etc.

8.11.- A contratación do persoal necesario para o cumprimento do servizo, sendo da súa conta o abono dos salarios e seguros sociais e cantos outros gastos se deriven dos medios persoais de que se dispoña. O Adxudicatario cumprirá coas obrigas laborais en canto o ámbito de aplicación dos Convenios Colectivos aos que estivera suxeito.

8.12.- O Adxudicatario cumprirá estritamente co establecido no Réxime Interior das Instalacións onde se impartan os servizos.

8.13.- O Adxudicatario deberá cumprir coa Lei 26/2015 de 28 de xullo, de Modificación do Sistema de Protección á Infancia e a Adolescencia, polo cal antes do inicio de execución do contrato deberá acreditar esta circunstancia mediante a aportación dunha certificación negativa correspondente do Rexistro Central, tal e como establece a citada Lei.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

8.14.- O Adxudicatario deberá dispoñer do persoal cualificado para o cumprimento do R.D. 865/2003 de 4 de xullo polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiellosis, para o cal deberá facer o seguimento diario, mensual, etc. que indique o citado Real Decreto e terá que dispoñer na instalación do Libro Rexistro das actuacións que leva a cabo, perfectamente dilixenciado.

Será por conta do Concello de Narón a desinfección química anual dos depósitos de ACS e circuitos dos que dispoña a instalación.

Serán dereitos do Adxudicatario:

- a) Percibir o prezo do contrato na contía, forma e tempo establecido no prego de condicións.
- b) Todos os outros que lle sexan recoñecidos no presente Prego de Condicións ou por acordos ou resolucións dos órganos municipais competentes ou do Servizo de Deportes.
- c) A protección axeitada para a prestación dos servizos.

9 - MATERIAIS A UTILIZAR

O material de limpeza e material hixiénico dos servizos serán por conta do adxudicatario.

10 - EXECUCIÓN DO CONTRATO

10.1 - PERSOAL DESTACADO PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Para a execución do Contrato o adxudicatario aportará o persoal necesario do seu propio cadro de persoal nas condicións especificadas neste prego de condicións.

En función da marcha dos traballos, o CONCELLO DE NARON, poderá solicitar ao Adxudicatario a súa colaboración adicional, na medida que fora necesaria para a boa fin dos servizos citados, previa valoración do custo dos mesmos, que será aboado fóra dos custos do contrato.

O adxudicatario garante ao CONCELLO DE NARON, que todos os servizos que se lle encarguen serán executados coas normas da



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

boa práctica profesional que requiran, e que o persoal que os desempeñe reunirá as cualificacións técnicas e experiencia necesarias.

A xornada laboral será sempre a ordinaria e vixente en cada momento.

O Adxudicatario disporá dos medios persoais axeitados para a atención do Servizo Contratado, sempre en función da ocupación do pavillón, sendo o computo anual máximo estimado, o que de seguido se sinala:

- Do 1 de decembro ao 31 de decembro de 2016.
- Do 1 de xaneiro ao 30 de novembro de 2017.

DÍAS	HORARIO	CÓMPUTO ANUAL
De lúns a Domingo	Segundo estableceza o Concello de Narón	2.396,00 Horas

Terase en conta, para a execución dos traballos nos servizos antes especificados, o persoal correturnos necesario.

10.2 - HORARIOS.

De rexistrarse unha ocupación completa dos horarios do pavillón, o horario máximo anual sería de 2.396,00 horas, sendo o horario estimado inicial o seguinte:

Do 1 de decembro ao 31 de decembro de 2016 e do 1 de xaneiro ó 30 de novembro de 2017:

De lúns a venres: De 17,00 a 23,00 horas.

Sábados : De 10,00 a 13,00 h. e de 17,00 a 22,00

Domingos : De 10,00 a 13,00 e de 16,00 a 22,00 horas.

Para apertura e peche da instalacións contémpanse 15 minutos á entrada e 15 minutos a saída.

Así mesmo contémpase 2 horas semanais de aspirado.



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

Os horarios indicados anteriormente reduciranse dacordo coa baixa na ocupación das actividades.

Contemplase así mesmo 100 horas de mantemento básico para o período indicado, cuxo importe estaría comprendido no presuposto base máximo para o período do contrato sinalado.

O Adxudicatario contará cos medios de locomoción propios (furgoneta ou camiión), para o obxecto de prestar a axuda necesaria ao CONCELLO DE NARÓN, para o transporte de equipos deportivos, transporte na merca de produtos para as instalacións, merca de repostos, etc.

10.3 - REGULAMENTO, LIBROS E SERVIZO DE MANTEMENTO.

Para o mantemento das instalacións e equipos, serán de obrigado cumprimento, para o Adxudicatario tódolos Regulamentos, Ordes e instrucións técnicas complementarias que afecten as mesmas.

O Adxudicatario deberá cumprimentar os libros de mantemento das instalacións e equipos que obteña, segundo a normativa vixente.

Así mesmo, deberá contar co oportuno servizo de mantemento desenvolvido por persoas ou empresas debidamente autorizadas pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

10.4 - MEDIOS MATERIAIS.

Toda a ferramenta persoal, máquinas e vestiario preciso, para realizar os servizos será por conta do Adxudicatario.

O Adxudicatario indicará o ferramental, medios auxiliares e de transporte que, sen estar especificamente asignados os servizos contratados polo concello de Narón poideran ser postos a disposición do mesmo nun intre determinado.

A ferramenta persoal e maquinas mínima para a realización dos servizos será a seguinte:

- Aspirador (Auga-Polvo)
- Máquina de fregado-aspirado (pista e pasillos)
- Carro de limpeza completo
- Escaleira



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tif. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

- Caixa de ferramenta co contido mínimo:
 - * Xogo de destornilladores, xogo completo de chaves fixas, martillos, alicates, pinza amperimétrica, soplete de fontanería, e aquela ferramenta necesaria para a realización de pequenos traballos de mantemento.
- Mangos telescópicos para limpeza de cristais.

10.5 – Documentación que aportará o Adxudicatario.

Diariamente, o Adxudicatario enviará mediante correo electrónico a (p.deportes@naron.es), antes das 11 horas do día seguinte á realización dos traballos, parte diario de traballo en **PDF**, sinalando o nome e apelidos do operario ou técnico, tarefas e horas realizadas, que deberá axustarse ao Plan de Organización e Funcionamento dos Servizos e Cuadrantes Horarios presentados polo Adxudicatario na memoria técnica de licitación. (**Ver modelo 01**)

Mensualmente, o Adxudicatario enviará mediante correo electrónico a (p.deportes@naron.es), a seguinte documentación:

- Documento TC-1 e TC-2
- Partes de alta na Seguridade Social dos traballadores non incluídos na última liquidación (TC-2).
- Resgardo da cotización ao Réxime de Traballadores Autónomos, se procedese.

Trimestralmente, o Adxudicatario enviará mediante correo electrónico a (p.deportes@naron.es), a seguinte documentación:

- Liquidacións que correspondan á Facenda Pública (IVE, Retencións, etc.).

Ademais anualmente, o Adxudicatario presentará nas oficinas do Servizo de Deportes o recibo de pago da póliza de responsabilidade civil así como o documento nominal, asinado polos traballadores e xustificativo de estar ó corrente no cobro dos seus devengos, así como o resto de liquidacións que correspondan á Facenda Pública (Resumen Anual do IVE, Resumen Anual de Retencións, Imposto de Sociedades, etc.).



SERVIZO DE DEPORTES DE NARÓN

Estrada de A Gándara nº 148 – Pavillón Polideportivo Municipal – 15570 NARÓN Tlf. 981-387522 Fax. 981-387632
E-mail: p.deportes@naron.es C.I.F. P-1505500-G

MODELO 01

ANAGRAMA DA EMPRESA

Nome / Razón Social

Enderezo

CIF

Tfl.

INSTALACIÓN – PAVILLÓN DAS LAGOAS – NARÓN

PARTE DIARIO DE SERVIZOS REALIZADOS

Nº DE PARTE

DATA

OPERARIO

HORA INICIO	HORA REMATE	TOTAL HORAS	TRABALLOS REALIZADOS

TOTAL H.

OBSERVACIÓNS:

Narón, outubro de 2016

